

PERCORRIDO POLAS RUTAS DE SENDEIRISMO
DOS CONCELLOS DO ULLA

GOZA
DO ULLA
2024

PROGRAMA PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE:

A Estrada
Agolada
Antas de Ulla
Arzúa
Boqueixón
Catoira
Dodro
Monterroso
Padrón
Palas de Rei
Pontecesures
Rianxo
Santiso
Silleda
Teo
Touro
Valga
Vedra
Vila de Cruces
Vilagarcía de Arousa



INSCRIPCIÓN NOS CONCELLOS CORRESPONDENTES ATA O MARTES
PREVIO Á REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

+ INFO:
Oficinas de Información Turística dos concellos participante
gozadoulla@gmail.com




TOURO OS BALCÓNS DO ULLA

GPS: N: 42.867870
O: -8.305801

Data: 21 de setembro Hora de saída: 9:30 h.
Distancia: 14 km. Duración: 4 h.
Dificultade: Media Alta
Punto de encontro: Campo da festa de Touro
Máis Información: Tel.: 981 504 029
jose.puga@concellodetouro.gal

Saída de Touro, pasando polo Mirador de Pena, Pozo do Pego, San Cristovo, Fervenza do Inferniño, Río Lañas, Fervenza de Rosende e Pena de Lourido.



ARZUA RUTA DA FERVENZA DAS HORTAS

GPS: N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 28 de setembro Hora de saída: 9.00 h.
Distancia: 21 km. Duración: 4 h.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Capela da Fonte Santa
Máis Información: Tel.: 609 634 357
info@turismoarzua.gal

Ruta lineal onde se mestura a natureza, a auga e o patrimonio.



CATOIRA RUTA DE OESTE

GPS: N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 6 de outubro Hora de saída: 10:00 h.
Distancia: 10 km. Duración: 2 h. e media.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro e saída:
Área recreativa Fonte Gaitreira
Máis Información: Tel.: 986 619 048
www.catoira.gal

Percorrido circular partindo da área recreativa Fonte Gaitreira, baixando polo sendeiro do Río Catoira ata a desembocadura no Muíño do Cura (de marea). Continuaremos polo paseo da Praia Fluvial ata as Torres de Oeste (parada), continuando polo Paseo Fluvial do Ulla que discorre por unha zona de brañas incluída na Rede Natura 2000. Desviáremosos cara o núcleo rural As Rañas, regresando de novo polo Paseo Fluvial e Paseo de Xelmírez ata a Fonte Gaitreira.



PADRÓN POLAS BEIRAS DO ULLA

GPS: N: 42.704538015956075
O: -8.667460768818833

Data: 12 de outubro Hora de saída: 9:30 h.
Distancia: 12 km aprox. Duración: 2 h. e media.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Centro social Concello de Padrón
Máis Información:
www.padronturismo.gal/inscricions

Ruta circular que percorre as beiras dos ríos Sar e Ulla, cun perfil sen grandes desniveis no que se percorren as beiras do Ulla na parroquia de Herbón ata chegar á desembocadura do Río Sar no Ulla. Esta ruta permítenos facer un percorrido cultural pasando por algúns dos elementos máis característicos desta zona, as pesqueiras da lamprea, que son de orixe romana e seguen en funcionamento na actualidade, o Convento de Herbón, lugar onde chegaron os famosos Pementos de Herbón con Denominación de Orixe Protexida, ademais de contemplar as hortas e invernadoiros onde se cultivan ou a Fundación de Rosalía de Castro.



SANTISO ROTEIRO PR-G 125 VISANTOÑA

GPS: N: 42.704538015956075
O: -8.667460768818833

Data: 19 de outubro Hora de saída: 10:00 h.
Distancia: 8 km. Duración: 2 h.
Dificultade: Media
Punto de encontro e saída:
Campo da festa de Visantoña
Máis Información: Tel.: 981 818 501
nicolas.castro@santiso.gal

Roteiro bordeando a parte do encoro de Balocás.




SILLEDA GRES-XUNTA DOS RIOS EN CIRA

GPS: N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 20 de outubro Hora de saída: 9:30 h.
Distancia: 9 km. Duración: 3 h. e media.
Dificultade: Media - Baixa
Punto de encontro e punto de saída:
Concello de Silleda, na parada de autobús.
Máis Información: Tel.: 986 580 000
info@silleda.gal

Roteiro lineal intermunicipal entre Vila de Cruces e Silleda, dende as Insuas de Gres (Ponte Ledesma) ata a área fluvial de Cira. O percorrido discorrerá paralelo ao cauce do Ulla ata chegar a Cira, no lugar onde conflúen o Ulla e o Deza, un dos seus principais afluentes, coñecido como Xunta dos Ríos. Sairase en autobús dende o Concello de Silleda e regresarse dende a praia fluvial ao mesmo punto de partida.



RECOMENDACIÓNS

NON SE PERMITE A ACAMPADA EN
NINGUNHA DAS SÚAS MODALIDADES.

IR EN SILENCIO, PERMITIRACHE OBSERVAR A FAUNA.

OBSERVA A FLORA E A FAUNA SEN DANALA NIN ARRINCALA,
PARA QUE TODOS POIDAMOS SEGUIR GOZANDO DELA.

RECORDA RECOLLER O LIXO E LEVALO A UN LUGAR AXEITADO.

NON SE PERMITE FACER LUME. SE VES FUME
CHAMA AO 112 DOS SERVIZOS DE EMERXENCIAS.

LEVE O MÓBIL CARGADO.

ROUPA E CALZADO CÓMODOS,
ADAPTADOS Á CLIMATOLOXÍA.

COÑECER E DESCUBRIR. NON É UNHA CARREIRA DE FONDO.



VALGA O ULLA, ENTRE TELLEIRAS E OUTROS COMERCIOS

GPS:

N: 42° 43' 19.74"
O: 8° 39' 3.72"

Data: 29 de xuño Hora de saída: 10 h.
Distancia: 16 km. Duración: 3 - 4 h.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Lagoa Mina Mercedes, Campaña
Máis Información: Tel.: 986 556 769
turismo@valga.gal

Ruta pola parte máis baixa do concello. A ruta discorre principalmente por zonas poboadas e visitaranse lugares moi vinculados ao Ulla como dúas antigas telleiras, dous embarcadiros e a liña aérea de vagonetas da desaparecida empresa Novo y Sierra. Tamén a Capela de Vilar, a Igrexa de Santa Comba e as Lagoas de Mina Mercedes e Porto Piñeiro



DODRO E RIANXO AS BRAÑAS TRES CRUCES

GPS:

N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 6 de xullo Hora de saída: 10:00 h.
Distancia: 18 km. Duración: 4 h. e media.
Dificultade: Media
Punto de encontro e saída: A Lavandeira - Imo
Máis Información: Dodro: Tel.: 689 897 223
deportes@dodro.gal // Rianxo: Tel.: 661 247 136
deportes@concelloderianxo.gal

Ruta que comeza no conxunto de horreos da Lavandeira de Imo alternando a Braña con zonas altas para poder divisar a grandeza do río. Na metade do percorrido adéntrase no concello de Rianxo pola aldea da Vacariza para camiñar preto do Ulla, visitar as Tres Cruces e rematar en Rañó.



MONTERROSO A PENA DO CORVO E MUIÑO DO ALEMÁN

GPS:

N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 7 de xullo Hora de saída: 10:00 h
Distancia: 5 km. Duración: 1 h.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Concello de Monterroso
Máis Información: Tel.: 982 377 814
espazo.lorenzo.varela@gmail.com

Percorrido ao longo do río Ulla pasando pola área recreativa A Peneda ata o muíño do alemán e pasando pola pena do Corvo.




BOQUEIXÓN ROTEIRO DE PESCADORES

GPS:

N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 20 de xullo Hora de saída: 10:00 h.
Distancia: 9,6 km. Duración: 2 h. e media.
Dificultade: Media-Baixa
Punto de encontro: Capela de Codeso
Punto de saída: Campo do río Ponte Ledesma
Máis Información: Tel.: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com

Na Capela de San Paio (Codeso) un autobús levaranos ao Ponte Ledesma, núcleo poboacional cun conxunto etnográfico importante: Igrexa Parroquial Divino Salvador de Ledesma, Ponte Vella de Ledesma e as Ínsuas de Gres sobre o Ulla. Desde aí, o roteiro dos Pescadores, tramo de Rede Natura 2000, espazo natural protexido. Fermosa senda propia dos pescadores ata a parroquia de Donas. Seguimos ata a Capela de San Paio en Codeso, enclave natural e arquitectónico de gran beleza, onde gozar do río Pontillón que desemboca máis adiante no Ulla e dunha ferverza de 7m. de altura onde finalizará a andaina.




TEO - VEDRA DO COUTO DE XIMONDE A PONTEVEA

GPS:

N: 42° 43' 19.74"
O: 8° 39' 3.72"

Data: 4 de agosto Hora de saída: 9:45 h.
Distancia: 10 km. Duración: 4 h.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Aparcamento Municipal Pontevea
Punto de saída: Área de recreo de Cubelas
Máis Información: Teo (Tel.: 696 186 891 |
turismo@teo.gal) // Vedra (Tel.: 669 450 804
- 981 814 691 | turismo@concellodevedra.gal)

Esta ruta discorre pola marxe dereita do río Ulla aproveitando camiños de paso e sendas de pescadores (Rede Natura). Iníciase no Couto de Ximonde (Vedra) e remata na ponte medieval de Pontevea-Reis (Teo). No seu percorrido atopamos numerosos puntos de interese: Área de Recreo de Cubelas, a contorna natural da Dorna, devesa do Agromaior, Burga de Xermeade...



PONTECESURES OLLANDO O ULLÁN

GPS:

N: 42° 47' 39.7"
O: 8° 20' 15.6"

Data: 18 de agosto Hora de saída: 9:30 h.
Distancia: 15 km. Duración: 4 h.
Dificultade: Media
Punto de encontro: A Plazuela (centro urbán)
Máis Información: Tel.: 986 564 410
xuventude@pontecesures.org

Este roteiro comeza no centro urbán de Pontecesures. A continuación adéntrase nas ladeiras dos montes Castro Valente e Salgueiras, nas que se pode observar na súa totalidade o Val de Ullán e o sinuoso trazado que fai o río Ulla no centro deste val.



ANTAS DE ULLA ULLOANDO POLO NACEMENTO

GPS:

N: 42° 49' 19.97"
O: 7° 54' 51.63"

Data: 25 de agosto Hora de saída: 10:00 h.
Distancia: 12 km. Duración: 4 h.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Praza de España
Máis Información: Tel.: 982379251 - 699604533
concello.antasdeulla@eidolocal.es

Faremos unha parada no lugar de Santa Mariña para coñecer a súa riqueza arquitectónica. Ao rematar a ruta os que queiran coñecer o lugar de Nacemento do Ulla, desprazáronos ata a Chousa da Poteira.



A ESTRADA OS SONS DO ULLA

GPS:

N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 31 de agosto Hora de saída: 10:00 h.
Distancia: 12 km. Duración: 4 h.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Praia fluvial de Pontevea
Máis Información: Tel.: 629 577 246
senderuta03@gmail.com

Fácil percorrido o carón do Ulla disfrutando de boas paisaxes, posibilidade de rematar a ruta tomando algo na praia fluvial e darse un baño.



AGOLADA A CANLE DE RAMIL

GPS:

N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 1 de setembro Hora de saída: 10:00 h.
Distancia: 10 km aprox. Duración: 3 h.
Dificultade: Media - Baixa
Punto de encontro: Eira Xoana (Ramil-Agolada)
Máis Información: Tel.: 986 788 062
agoladaculturaeturismo@gmail.com

Roteiro Circular que parte da Eira da Xoana, na parroquia de Ramil, no límite co concello de Palas de Rei e ten un importante patrimonio natural e cultural. Non só veremos especies autóctonas ou o monte da Contorna, tamén viaxaremos ao pasado coñecendo os Petróglifos da contorna que nos transportan aos tempos máis remotos da nosa contorna. Non nos podemos esquecer que o principal protagonista é o Río Ulla, que agora máis que nunca, precisa ser coidado, respectado e valorado pola gran riqueza que aporta a contorna.



PALAS DE REI TORRENTES DE MÁCARA

GPS:

N: 42° 42' 45.71"
O: 8° 43' 26.63"

Data: 7 de setembro Hora de saída: 10:00 h.
Distancia: 14 km. Duración: 2 h 45 min.
Dificultade: Alta
Punto de encontro: Praza do Concello
Máis Información: Tel.: 982 380 001
cultura@palasderei.org

A ruta percorrerá o río Ulla polo tramo das Torrentes de Mácara, iniciándose no antigo Bañeiro de Frádegas e chegando ata a unión do Río Pambre co Ulla. Neste tramo hai un pequeno canón entre granito con moitos rápidos e pequenas ferverzas, a de máis altura entre 3 e 4m. Atópanse árbores de formas irregulares e grandes rochas que se deben atravesar, a veces non sen dificultade. Posteriormente visitarase o Castelo de Pambre.



VILAGARCÍA OLLANDO O ULLA E A RÍA

GPS:

N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 8 de setembro Hora de saída: 9:30 h.
Distancia: 14 km. Duración: 3 h.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Pinar do Rei
Máis Información: Tel.: 986 099 200, ext. 254
turismo@vilagarcia.gal

Dende Pinar de Rei transítase por camiños que permiten ver Vilagarcía e a Ría de Arousa. Continúase bordeando o monte Xiabre e xa se empeza a divisar o Ulla. Ascéndese ata o miradoiro da Cruz de Xiabre, onde contemplar o río ata Padrón e apreciar como, na dirección da corrente, se vai abrindo para formar a Ría de Arousa. Nun día claro pódese divisar ata as Illas Cíes. Comézase o descenso e chégase ao Miradoiro de Bamio, onde se advirten os Lombos do Ulla, a zona de marisqueo máis produtiva de Galicia, os viveiros do Carril e a Illa de Cortegada.



VILA DE CRUCES SENDEIRO DE PORTODEMOUROS

GPS:

N: 42.745350051650476
O: -8.467024864259795

Data: 14 de setembro Hora de saída: 9:30 h.
Distancia: 12 km aprox. Duración: 2 h. e media.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Praza Concello
Máis Información: Tel.: 672 208 140
noemi.lois@viladecruces.es

Ruta lineal dende os arredores da presa de Portodemouros ata a presa de Brandariz, pasando pola Ponte de San Xusto. O pantano, alimentado principalmente polos ríos Ulla, Iso e Arnego, ademais de multitude de arrosos, configura unha paisaxe especial de gran beleza e contraste. Os camiños polos discorre o sendeiro pertencen á zona de interior rural galega que viu alterada a súa fisionomía pola construción do citado embalse. Un orixinal ferry, o único de augas continentais de Galicia, permite o traslado entre os concellos de Vila de Cruces e Santiso.

